

CASA DA MEMORIA, MEMORIA DA CASA

Dez anos despois daquela explosión vitalista que foi *Memoria de agosto* (1993), volve Xulio L. Valcárcel en *Casa última* -o seu máis recente poemario- á indagación nos alicerces máis sólidos que constitúen o que un ser humano é por máis que, neste caso, esa esculca non teña sempre resultados positivos e esixa do eu poético o seu enfrontamento co “*tempo atroz que a min me daña/ como o fungo avinagra o viño tinto*” e que, paralelamente, destrúe a casa natal. Así, “*Hai unha casa de loureiro e soño, / pola que escorren as augas/ vagarosas do olvido, en Naemor*”, unha casa da infancia e da saudade onde xa só quedan as ruínas e os recordos dos que a habitaron, un lugar para reencontrarse coa esencia dun mesmo e tomar contacto coa intrahistoria do eu que se nos irá desvelando nos versos desta obra onde se ofrecen dúas e contradictorias imaxes da casa: unha, a que a converte en referente perpetuo que perdura máis aló da sucesión dos seus moradores para os que constitúe o centro inviolable, un legado íntimo; outra, a que constata o poder destructivo do tempo sobre ela ata o punto de acabar convertida en “*casa, nai ferida, casa-epitafio*”, o mellor exemplo da finitude das cousas e dos seres. De ambas as dúas visións da casa xorden tamén senllas liñas temáticas que se van desenvolvendo paralelamente no poemario: a que se inclina por amosar o entorno vital da casa -ese lugar de Naemor que é anagrama do Romeán natal do poeta- vinculado tamén á revisión saudosa da infancia xa perdida nas brétemas da memoria e a que deriva cara á identificación dese Naemor arrasado polo tempo con outros lugares de moi doloroso recordo xa na actualidade como son Kosovo, Kabull e Palestina. Porque, como di Darío Xohán Cabana no Limiar que abre *Casa última*, este “*non é realmente un libro, senón un mundo perdido, un río de innumerables sensacións que unha saudade turbadora nos pon no corazón en carne viva*” e, polo tanto, non é de estrañar o predominio no poemario dun ton acedo que fai agromar en nós sentimentos de impotencia perante a forza destructora do tempo. E así, o *locus amoenus* de Naemor vaise degradando perante os nosos ollos que son, simultaneamente, os do neno marabillado polo “*tempo de cereixas*” que vive e os do adulto desenganado da vida que acepta con naturalidade o máis terrible cando o visitan as sombras sonámbulas do seu pasado. Deste xeito, pasado e presente son dimensións intercambiáveis que conviven nos versos a través da palabra descarnada pero chea de tenrura de quen escribe o libro do seu pasado e roga “*que non signifique nada para min*” a casa desfeita, o lume apagado, o silencio mesto “*sen voces/ e sen ecos*” que agora ronda á casa, como quen pide que o cáliz a beber non lle sexa demasiado amargo. Con todo, o ser é consciente de que non hai volta posible e que, no proceso de construír a casa da memoria -e, en consecuencia, a memoria da casa-, debe asumir a ferida causada pola

“ferruxe mesquindade, óxido miseria, / corrosión calumnia”, aceptar que as silvas e as ortigas ocupen agora o lugar das tertulias, que as cobras fagan o seu niño nos cuartos e a humidade mine a casa a fondo ata que esta se amose vencida polo tempo. Porque, como se di no Limiar, “A casa da infancia é o fondo vivo que impregna e informa toda a realidade do mundo, todas as cousas de despois”.

TERESA SEARA

Tempos Novos, 83, abril 2004, p. 72